



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

*R.P. 13664/2023 - Aprobación das bases do I Concurso de microvídeos "De fronte á violencia de xénero", 2022*

##### **I Concurso de microvídeos "De fronte á violencia de xénero", 2022**

Coa intención de alcanzar a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes na sociedade e concienciar á poboación en xeral e a mocidade sobre a violencia de xénero dixital, a Deputación Provincial da Coruña convoca neste ano 2022 o I Concurso de microvídeos "De fronte á violencia de xénero".

##### **BASES**

###### **Primeira.-**

O obxecto do certame é elaborar un microvídeo a través do cal se xere reflexión, conciencia, sensibilización, identificación e prevención das violencias de xénero dixital, entendidas estas como todas as condutas de violencia de xénero que se exercen a través das novas tecnoloxías, redes sociais e/ou en Internet.

Preténdese que a través da elaboración do microvídeo a poboación adolescente cree debate, reflexión, mobilización e cambio social sobre o ciberacoso, sexting, sextorsión, stlaked, grooming, shaming, doxing ou calquera outra forma de acoso nas redes.

Así mesmo, o concurso anima á participación da comunidade educativa (profesorado, familias e contorna) como pilar necesario para guiar e orientar o proceso de creación.

Poderán participar todas as persoas físicas con idades comprendidas entre 12 e 18 anos, de calquera nacionalidade, que se presenten individualmente ou en grupo.

A autoría debe ser da persoa/grupo participante, que poderá/n ser apoiados por outras persoas, como pode ser o persoal docente do centro de estudos ao que se adscribe.

O límite de idade enténdese en referencia á data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Cada participante só poderá presentar un único microvídeo orixinal e inédito, non premiado con anterioridade nin difundido publicamente antes por ningún tipo de soporte nin canle.

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática quen presente a candidatura, que pode ser unha persoa diferente á participante, deberá:

- \* Dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.
- \* Dispoñer de certificado dixital.

###### **Segunda.-**

Outorgaranse ata 10 premios de 1000 euros.

Estas cantidades están suxeitas ás retencións legais que lles sexan de aplicación.

O premio concederáse ao mellor microvídeo onde se combinen aptitudes artísticas e creativas na creación dun microvídeo, con impacto social e potencialidade audiovisual, orixinal e non publicado que pretenda concienciar a poboación, en xeral, sobre a violencia de xénero dixital.

Os textos empregados deberán respectar os principios da lexislación vixente en políticas de igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sin prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse si as persoas beneficiarias falecesen despois do fallo do xurado (no caso de persoas físicas).

O xurado poderá facer unha mención honorífica a algún outro microvídeo pola súa calidade técnica e impacto social.

A deputación resérvase o dereito a facer uso dos microvídeos gañadores, nas súas redes sociais e no marco das actividades de sensibilización e prevención da violencia de xénero que poida programar, cedéndolle a/s autora/s ou o/os autor/es os dereitos por tempo indefinido para que a deputación poida empregalas.

#### **Terceira.-**

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a candidatura.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cubran os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

#### **Cuarta.-**

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- \* Folla de aceptación dos compromisos cos datos requiridos debidamente asinada. (anexo I) Cubrirase unha folla por cada adolescente participante e firmaranse as autorizacións pertinentes no caso dos menores de idade.
- \* Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude.
- \* No caso de grupos:
  - Nomeamento da persoa que representa ao grupo no que se especifique o alcance da dita representación (presentación telemática da solicitude e sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación, así como autorización para o cobro do importe do premio).
- \* O microvídeo editarase tendo en conta os seguintes criterios:
  - Identificarase cun título.
  - Maqueta de composición en formato audiovisual (Mp4), cunha duración mínima de 30'' e máxima de 90''.
  - O idioma empregado será o galego, e aplicaráse a perspectiva de xénero.
  - Empregarase preferentemente materiais –musicais, fotográficos, etc- rexistrados baixo licencias libres. Non estando permitido empregar materiais/contidos sometidos a dereitos de propiedade intelectual, sen adquirir e presentar a autorización previa expresa das persoas propietarias. A Deputación non asume as responsabilidades que se deriven do emprego non autorizado de materiais sometidos a copyright.

#### **Quinta.-**

O xurado estará presidido pola deputada con delegación en Políticas de Igualdade de Xénero, e poderá formar parte del; persoal do Servizo de Acción Social, Cultural e Deporte, dos centros educativos da Deputación da Coruña, docentes especializados en educación e igualdade de xénero e/ou persoas expertas en comunicación dixital.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en que delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación ([www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)), co fin de que se poidan interpor, se for o caso, os recursos legais pertinentes.

**Sexta.-**

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

Para conceder os premios o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- A orixinalidade
- A mensaxe
- A capacidade de impacto social en relación co obxecto do concurso.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio.

O fallo do xurado será inapelable e será dado a coñecer a través da páxina web da Deputación.

**Sétima.-**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

**Oitava.-**

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación provincial coa súa sinatura. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao premio por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a súa portabilidade en calquera momento. Para exercer estes dereitos ante a Deputación Provincial da Coruña, deberá facerse mediante solicitude no Rexistro, cuxa dirección é Avenida Porto da Coruña, nº 2 - 15003 A Coruña ou ben tramitar a citada solicitude a través da sede electrónica da Deputación, se dispón do certificado dixital oportuno ([https://sede.dacoruna.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD\\_N](https://sede.dacoruna.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD_N)), onde atopará tamén o modelo de solicitude para a súa presentación presencial.

Máis información en: [https://sede.dacoruna.gal/opencms/es/sobrelasede/proteccion\\_datos/](https://sede.dacoruna.gal/opencms/es/sobrelasede/proteccion_datos/)

Para calquera dúbida ou aclaración deberá contactar coa Deputación da Coruña a través do delegado de protección de datos no seguinte enderezo electrónico: [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal).

A Coruña, 5 de abril de 2023

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria xeral

Amparo Taboada Gil

2023/2567